

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Asemblea: continuamos traballando os calendarios como todos os días. Hoxe presentamos un novo compañeiro, o seu nome é Lois e ten 4 anos. Facemos o acróstico co seu nome na seguinte ficha (podéda atopar no outro documento e as familias que non poidan imprimir poden realizar a actividade nun folio ou caderno).




Hoxe rematamos co proxecto da primavera e imos traballar as partes dunha planta. Antes que comezar observamos o experimento que fixemos o día 14 de abril, miramos se creceu a semente e as partes que podemos observar nela (raíces, talo e follas).

Se algunha familia non realizou o experimento anímovos a facelo, é moi sinxelo, só tedes que meter sementes (lentellas ou garavanzos) no medio dun algodón mollado.



Senón tamén antes de realizar a actividade podedes saír ao campo e observar as partes dunha planta. Despois na ficha teñen que escribir as partes dunha planta (raíz, talo, follas e flor) e coloreala.

Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.



Lóxica- matemática: para traballar cos números hoxe precisamos pinzas de prender a roupa e tubos de cartón de papel hixiénico. Os nen@s debuxan persoas nos tubos de cartón e póñenlle un número no xersei. Despois teñen que prender tantas pinzas (simulando o pelo d@ nen@) como o número que indica o xersei.




Lectoescritura: para facer máis divertida a lectoescritura hoxe imos xogar con espuma de afeitar (ou tamén podémolo facer con xabón).

Expandimos espuma nunha mesa e despois @s nen@s escriben palabras ou letras que nós lle indicamos (podemos aproveitar para escribir palabras relacionadas coa primavera).



Manualidade: o traballo manual que imos facer hoxe é unha bolboreta. Soamente temos que colorear e decorar a silueta da bolboreta (deixo o modelo no outro documento) e despois poñémoslle un chupachus facendo o corpo da bolboreta.



Especialistas: recordaros que os venres visitanos a mestra de música (Soraya). Anímovos a entrar no seu apartado na web do centro, e realizar algunhas das actividades que ela vos propón.



Conto: para rematar, a miña proposta de hoxe é mirar o conto de “A casa da mosca chosca” da editorial OQO (https://youtu.be/CfzEpFwj1_E).

Ao rematar podedes facer un debuxo (deixo as fichas no outro documento).